

# BANDO

## ASUNTOS: MEDIDAS DE CONTENCION COVID-19.

Pola Alcaldía, con data 12 de marzo de 2020, DICTOUSE o Decreto da Alcaldía núm. 2020-0125, que seguidamente se reproduce:

*“A situación xerada pola evolución do Coronvirus – COVID- 19, supuxo a adopción de medidas de contención extraordinarias pola autoridades de saúde pública.*

*O equipo de goberno do concello de Vila de Cruces considera necesario adoptar unha serie de medidas que complementen as tomadas pola administración do estado e da Xunta de Galicia, do termo municipal en beneficio dos veciños, con efectos inmediatos.*

*En consecuencia, en virtude das facultades atribuídas pola artigo 21.1,s) da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, **DISPOÑO:***

**Primeiro:** *Pechar as seguintes instalacións municipais:*

- *Auditorios (Vila de Cruces, Merza, Gres, Fontao).*
- *Pavillón de deportes.*
- *Campo de fútbol.*
- *Ximnasio.*
- *E demais locais sociais de titularidade municipal.*

**Segundo:** *Facer unha chamada aos veciños para que na medida das súas posibilidades, utilicen medios telefónicos e telemáticos para levar a cabo a comunicación coa administración municipal, restrixindo ao máximo posible as visitas ao Concello.*

---

**Concello de Vila de Cruces**

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





**Terceiro:** Cancelar as actividades da Escola de Música, danza, ballet, baile, actividades deportivas, e calquera outra impartida en instalacións municipais.

**Cuarto:** Suspende as visitas domiciliarias do Departamento de Servizos Sociais Municipais.

**Quinto:** Apelar á responsabilidade de veciñanza á hora de tomar as medidas oportunas para velar pola Saúde Pública, dacordo ao indicado polas Autoridades Sanitarias.

Mándao e asíno o Alcalde na data indica á marxe, do que como Secretario da Corporación, dou fe”.

O ALCALDE.

LUÍS CELSO TABOADA SÁNCHEZ.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

---

**Concello de Vila de Cruces**

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 5L97XM9HARKHAY2C4ZLTCHL45 | Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2